



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colexio de Educación Infantil e Primaria  
"Ponte dos Brozos"

Avda. Arsenio Iglesias, 34 (Sabón)  
15142 Arteixo (A Coruña)  
☎ 981 60 02 49 📠 981 60 02 49  
ceip.ponte.brozos@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceippontebrozos/>



## APLICACIÓN ABALAR MÓBIL

### **INFORMACIÓN A NAIS/PAIS/TITORES/AS LEGAIS**

Estimadas familias:

Coa finalidade de aumentar o acercamento entre o profesorado e as familias e de facilitar a comunicación co centro, queremos comunicarlles que está dispoñible para os pais/nais/titores/as legais dos alumnos e alumnas deste centro a aplicación **abalarMóbil**.

Trátase dunha ferramenta dixital que permite ás familias consultar información escolar dos seus fillos/as (cualificacións académicas, faltas de asistencia, solicitude de titorías, consulta de notificacións ...) a través do teléfono móbil dunha maneira cómoda e rápida.

As familias deben dispoñer dun teléfono móbil smartphone **constantemente actualizado**, que dispoña de sistema operativo **Android** ou ben **IOS**.

A aplicación **abalarMobil** debe descargarse de **Play Store** (para o sistema operativo *Android*) ou de **Apple Store** (para o sistema operativo *IOS*). O teléfono pode ser da nai, do pai ou de ambos os dous e poden empregar a aplicación ao mesmo tempo.

Na páxina web <https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/nova/abalarmobil> está a disposición de pais/nais/titores/as legais, unha guía na que se mostran as diferentes funcionalidades e servizos que se poden utilizar dende o teléfono móbil, ademais dun formulario para realizar consultas ou tramitar incidencias relacionadas con esta aplicación.

Moitas grazas pola súa colaboración.

O Equipo Directivo